

Autor e ilustrador: **JOHN BURNINGHAM**

Tradución: **FE GONZÁLEZ**

Encadernado en cartóné

32 páxinas a toda cor. 28x21 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Eduardo, o neno máis terrible do mundo"
ISBN 84-8464-567-3

-Castelán: "Eduardo, el niño más terrible del mundo"
ISBN 84-934713-9-9

Prezo: 14 €

EDUARDO O NENO MÁIS TERRIBLE DO MUNDO

Eduardo fíxose cada vez máis zoupón, máis cruel, máis amigo de estarabouzar, máis porcallán, máis maleducado e máis brután, ata que un día lle dixeron... "Eduardo, de verdade, es o neno máis terrible do mundo".

Eduardo é un neno coma outro calquera, coa particularidade de que o seu carácter pode chegar a ser máis desagradable do adecuado: ruidoso, bruto coas cousas e cos demais rapaces, desordeado e porcallán... Tiña gañado por méritos propios o pouco honroso título que ostentaba, como o neno máis terrible do mundo, a consecuencia de acumular tantos defectos.


Lonxe de corrixir a súa actitude a base de sumar tantas críticas, a actitude de Eduardo volvíase cada vez máis negativa, ata que unha serie de feitos inesperados cambian a imaxe que todos teñen del. Así, pasa de ser denostado, a recibir toda clase de gabanzas: limpo, espelido, xeneroso, aplicado... En definitiva, encantador. Todo un xiro de 180 graos na valoración do seu comportamento.

John Burningham elabora un texto que segue unha pauta perfectamente estruturada, baseada na repetición dun esquema narrativo. Esta característica fai que o texto adquira dinamismo e resulte ameno, ao tempo que lles transmite aos lectores unha lección de civismo, educación e sensibilidade.

Trátase dun relato ideal para ser contado: a historia enganchará a atención do público infantil, atraído polas peculiares maldades de Eduardo. O autor esaxera adrede as tramas para captar a complicidade dos cativos, que se sentirán identificados co protagonista cando se portan mal. A historia suaviza e trata con benevolencia as traxedias dos máis novos, apostando por darlles sempre a oportunidade de corrixirse e portarse mellor.

JOHN BURNINGHAM (Farnham, Surrey, Inglaterra. 1936)

É un dos autores e ilustradores máis prestixiosos e queridos no eido da literatura infantil contemporánea. Antes de dedicarse a esta actividade desempeñou varios oficios, como a silvicultura ou a construción, o que lle levou a viaxar por varios países. En 1956 iniciou a súa formación na Escola Central de Arte, na que se diplomou tres anos despois. Deseñou cartaces para entidades oficiais británicas e traballou na animación de marionetas. En 1963 publicou o seu primeiro libro, titulado "Borka". Ao longo da súa traxectoria recibiu numerosos galardóns: concedéronlle en dúas ocasións a Medalla Greenaway e o Premio Kurt Maschler polos seus libros, que se len en todo o mundo. A crítica ten calificado "Eduardo, o neno máis terrible do mundo" como un conto conmovedor e reflexivo, na liña de clásicos seus como "Mr Gumpy's Outing" e "Oi! Get Off Our Train".



■ **Temática:** o cambio de comportamento dun neno traste e maleducado

■ **Idade recomendada:** dende 5 anos

■ **Aspectos destacables:** a estrutura narrativa do relato, baseada na repetición, as ilustracións de trazos soltos, que imitan os riscos estéticos dos nenos cando pintan

■ **Aplicacións:** reflexión sobre as actitudes dos máis pequenos, distinción entre comportamentos positivos e negativos; adxectivos: positivos e negativos.

